



CONCELLO DE TOURO

B A N D O

Medidas para a redución do consumo de auga do abastecemento municipal

Vense observando un incremento constante no consumo de auga, que se verá agravado co incremento de temperaturas que se prevé para os próximos días, polo que é necesario que tódolos usuarios tomemos conciencia da necesidade de reducir o consumo, xa que o caudal dos bombeos e captacións do abastecemento municipal é inferior ao caudal consumido.

Para evitar a adopción de medidas máis drásticas, como poden ser a fixación de mínimos e incluso cortes do subministro, é necesario respectar as seguintes medidas:

- Destinar a auga do abastecemento a usos domésticos.
- Evitar o uso da auga do abastecemento para regar, enchido de piscinas, lavado de establos, etc.
- Autolimitar o consumo de auga tamén como medida de protección do medioambiente, evitando a detracción de auga dos ríos e dos acuíferos.

Por todo o exposto, solicito o esforzo solidario de tódolos usuarios do abastecemento municipal para reducir o consumo de auga, de forma que evitemos a adopción de medidas máis restritivas.

Touro, 13 de xullo de 2022.

O Alcalde,

Asdo.: Ignacio Codesido Barreiro

